

# **PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA E RESTAURANTE DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA.**

## **1. OBXECTO.**

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto definir as condicións técnicas que deben rexer a xestión e explotación do servizo de cafetería e restaurante da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada (Expoestrada).

O servizo de cafetería e comedor prestarase ao persoal que desenvolva a súa actividade nas instalacións de Expoestrada, ás persoas asistentes ás distintas actividades que se desenvolvan no recinto e ao público en xeral que desexe acceder aos servizos de cafetería e restauración.

O dereito de admisión queda reservado á dirección do centro, sendo exercido polo empresario adxudicatario segundo as instrucións que, no seu caso, reciba da Fundación.

## **2. ACTIVIDADE E SITUACIÓN DE EXPOESTRADA.**

### **2.1. Actividade principal.**

A Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada ten como actividade principal a celebración de feiras, eventos e actividades culturais, comerciais e deportivas.

### **2.2. Localización.**

O Recinto Feiral atópase situado na Zona Deportiva s/n, A Estrada, contando con máis de 7.500 m<sup>2</sup> construídos, distribuídos en varios pavillóns.

O espazo destinado á cafetería e restauración sitúase na planta baixa do pavillón nº 6 do Recinto Feiral.

## **3. DESCRIPCIÓN E CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE CAFETERÍA E RESTAURANTE.**

### **3.1. Descrición do servizo.**

O servizo de cafetería e restauración, obxecto deste contrato, deberá ser acorde coa imaxe e proxecto do recinto, ao estar integrado no mesmo inmovible e dirixido ao público visitante e ao público en xeral.

Neste sentido, a selección, calidade e presentación dos produtos, así como a atención prestada aos usuarios, deberán estar en consonancia coa imaxe do centro.

Os prezos deberán ser accesibles para todo tipo de público.

### **3.2. Características do servizo e obrigas do adxudicatario.**

O adxudicatario estará obrigado a manter en bo estado os locais, instalacións, maquinaria e mobiliario entregados pola Fundación, para o cal se formalizará unha folla de inventario ao inicio da concesión. Todas as reparacións, reposicións e mantementos necesarios correrán pola súa conta.

Farase cargo da limpeza xeral da zona da cafetería e do restaurante.

Calquera cambio, mellora das instalacións existentes ou incorporación de novo equipamento deberá contar coa aprobación previa da Fundación. En ningún caso poderá o adxudicatario colocar rótulos no interior ou exterior do Recinto sen autorización expresa.

O adxudicatario deberá manter en perfecto estado de conservación e limpeza o local, as instalacións, decoración, utensilios, mobiliario e demais bens postos á súa disposición, respondendo dos desperfectos ou deterioros que se produzan. A Fundación poderá realizar un seguimento permanente do estado das instalacións.

O incumprimento reiterado destas obrigas poderá dar lugar á resolución do contrato, con incautación da garantía e, no seu caso, reclamación de danos e prexuízos.

Os danos que se produzan deberán ser reparados de forma inmediata e por conta do adxudicatario, mantendo a imaxe e correcto funcionamento das instalacións, e coa conformidade previa de Expoestrada.

Non se permitirá a instalación de máquinas automáticas expendedoras sen autorización expresa da Fundación.

A obriga fundamental do adxudicatario será atender de forma preferente as necesidades de restauración das persoas traballadoras e visitantes do Recinto Feiral, especialmente durante os eventos organizados pola Fundación.

### **4. NORMATIVA, RESPONSABILIDADE E SEGUROS.**

Será de aplicación toda a normativa vixente en materia sanitaria, de seguridade laboral e de consumo, sendo responsabilidade exclusiva da empresa adxudicataria o seu cumprimento.

O adxudicatario deberá obter todas as autorizacións e licenzas administrativas necesarias, especialmente as de carácter sanitario, sendo responsable das consecuencias do seu incumprimento.

O servizo deberá prestarse de forma directa, non podendo ser subarrendado, cedido ou traspasado sen autorización expresa de Expoestrada.

A empresa adxudicataria indemnizará os danos que se causen a terceiros como consecuencia da prestación do servizo, sendo responsable fronte a terceiros de calquera dano ou prexuízo derivado da actividade.

Durante toda a vixencia do contrato, o adxudicatario deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil, adecuado á explotación do servizo, que cubra, entre outros, riscos de intoxicación alimentaria e danos a terceiros.

## **5. SERVIZO DE RESTAURANTE.**

O prezo do menú será fixado polo adxudicatario coa autorización da Fundación e constará, como mínimo, de:

- Dous primeiros pratos
- Dous segundos pratos
- Dous sobremesas

## **6. LISTA DE PREZOS.**

O adxudicatario deberá expoñer en lugar visible a lista de prezos, selada pola Fundación. Os produtos ofertados deberán ser habituais en establecementos de restauración e de boa calidade.

Os prezos indicados serán prezos finais ao público, con impostos incluídos.

O incumprimento das condicións de prezos ou calquera infracción nesta materia poderá dar lugar á resolución do contrato.

## **7. LIMPEZA E CONDICIÓNS HIXIÉNICO-SANITARIAS.**

A limpeza xeral realizarase fóra do horario habitual do servizo e, en todo caso, sempre que sexa necesario.

Durante o horario de funcionamento, o adxudicatario manterá a cociña, barra, mesas e zonas comúns en perfecto estado de limpeza, hixiene e presentación.

Serán por conta do adxudicatario as tarefas de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización das estancias destinadas ao servizo.

## **8. FOLLAS DE RECLAMACIÓNS E RÉXIME DE RESPONSABILIDADE.**

O adxudicatario deberá dispoñer de follas de reclamacións a disposición das persoas usuarias, conforme á normativa vixente, e comunicar á Fundación calquera reclamación presentada no prazo máximo de 24 horas.

O titular do servizo será o único responsable da tramitación, contestación e resolución das reclamacións que poidan formularse polos usuarios ante calquera organismo público ou privado competente (administracións de consumo, autoridades sanitarias, xulgados, tribunais ou calquera outro), asumindo integramente as consecuencias económicas, administrativas ou xurídicas que delas se deriven.

En ningún caso a Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada responderá fronte a terceiros polas reclamacións derivadas da prestación do servizo de cafetería e restaurante, sen prexuízo das facultades de control e seguimento que lle corresponden como entidade concedente.

## **9. PERSOAL.**

A empresa adxudicataria deberá contar co persoal suficiente e cualificado para a correcta prestación do servizo, asumindo todas as obrigas laborais, sociais e de seguridade social.

Non existirá relación laboral ningunha entre o persoal do adxudicatario e Expoestrada.

A empresa designará unha persoa responsable do servizo como interlocutor permanente coa Fundación.

## **10. DURACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato terá unha duración inicial de un **(1) ano**, correspondente ao ano 2026.

O contrato poderá prorrogarse de forma expresa, por acordo das partes, por períodos anuais sucesivos, ata un máximo de catro (4) anualidades no seu conxunto, incluída a duración inicial, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e, en particular, co réxime aplicable aos contratos de concesión de servizos.

A prórroga non terá carácter obrigatorio para ningunha das partes e non xerará dereito adquirido nin expectativa de dereito a favor do concesionario. A vontade de non prorrogar o contrato deberá comunicarse por escrito á outra parte cunha antelación mínima de dous (2) meses respecto da data de finalización do período contractual en vigor.

A efectividade de cada prórroga quedará condicionada ao correcto cumprimento das obrigas contractuais, á inexistencia de causa de resolución e á continuidade do interese público que xustifica a concesión.

Ao remate definitivo do contrato, o adxudicatario deberá entregar as instalacións e equipamentos no prazo máximo de 15 días naturais, en correcto estado de conservación e funcionamento.

## **11. VISITA ÁS INSTALACIÓNS**

Os licitadores poderán solicitar visita ás instalacións de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de presentación de ofertas.